

ACTA REUNIÓN COMISIÓN PARITARIA II CONVENIO COLECTIVO PERSONAL LABORAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVICIOS UNIVERSIDADE DE VIGO

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Vicexerente de Persoal:
Ana Comesáñ Alvarez

Xefe do Servizo de PAS e Retribucións:
José M. Fernández Viña

Xefa da Sección de Formación e Acción Social:
Margarita González Hernández

Xefe do Servizo de Asesoría Xurídica:
Antón Vidal Andión

Secretario de actas:
Rafael Ameneiro Bravo

REPRESENTANTES SINDICAIS:

Federico Fernández Fernández (CIG)
Luís Pérez Gómez (CIG)
José María Pérez Landín (CSI-CSIF)
Manuel Marcos García (CCOO)
Marisa Magaz Ledo (CCOO)
José Andrés Zapirain Fernández (UGT)

Acta da reunión da Comisión Paritaria do II Convenio Colectivo do Persoal Laboral da Universidade de Vigo, celebrada ás 11:00 horas do día 14 de maio de 2008, na sala de xuntas nº2 do Edificio Xerencia/Servizos Centrais coa asistencia das persoas que se citan á marxe e de acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación, se procede, da Acta da Sesión anterior.
2. Proporcionalidade do complemento de xornada partida en canto á redución de horario.
3. Artigo 23.2 c. Xornada irregular non axustada aos días e quendas habituais completando un termo medio de 35 horas semanais.
4. Disposición Adicional 10^a.

1. Lectura e aprobación, se procede da Acta da Sesión anterior.

Acórdase a aprobación da acta da reunión do día 17 de abril de 2008. Sobre os Acordos acordados na devandita reunión, acórdase que non é necesaria a publicación no Diario Oficial de Galicia. Acórdase a incorporación dos Acordos da reunións como Anexos do II Convenio Colectivo.

2. Proporcionalidade do complemento de xornada partida en canto á redución de horario.

A empresa entrega documento (Anexo 1) de proposta de percepción do complemento de xornada partida nos supostos de reducción de horario.

Tralo análise e debate as partes acordan:

Nos supostos de que o/a traballador/a solicite unha redución de xornada nos termos previstos nas Leis, percibirase o complemento completo sempre que se realice diariamente un mínimo dun 50% en horario ordinario de mañá e tarde.

De non ser así o complemento reducirase na mesma proporción que os días non realizados en xornada partida.

3. Artigo 23. 2. c. Xornada irregular non axustada aos días e quendas habituais completando un termo medio de 35 horas semanais.

Tralo análise e debate as partes acordan:

O persoal que preste os seus servizos en xornada irregular non axustada aos días e quendas habituais completando un termo medio de 35 horas semanais percibirán o complemento de xornada partida na súa totalidade, dende o mes seguinte ao que se adopte este acordo.

Para o que respecta ao cómputo dos días de libre disposición que corresponden a este persoal, a empresa propón que o día de libre disposición equivalga a 7 horas.

4. Disposición Adicional 10ª.

A parte social entende que, para os efectos da percepción da paga compensatoria da D.A.10^a, está incluída a totalidade do persoal laboral, incluído o persoal que desempeña postos da Relación de Postos de Traballo do Persoal Funcionario de Administración e Servizos.

A representante da Administración entende que aplicar a paga compensatoria ao persoal que desempeña postos da Relación de Postos de Traballo do Persoal Funcionario de Administración e Servizos non ten sentido, porque este colectivo xa percibiu incrementos retributivos, como xa se amosou nunha sentenza xudicial favorable á Universidade de Vigo. O pagamento dessa paga compensatoria levaría a este colectivo a percibir máis retribucións que o persoal laboral e o persoal funcionario. Nese marco, entende que non procede o aboamento da paga compensatoria para a parte proporcional do correspondente aos períodos de goce de licenzas e permisos sen soldo.

A representante da Administración somete ao criterio dos membros da Comisión Paritaria se nesa totalidade entende ao persoal laboral que ocupou postos de traballo incluídos na Relación de Postos de Traballo do Persoal Funcionario da Universidade de Vigo, de maneira temporal ademais dos fixos.

A parte social entende que sí está incluído.

A representante da Administración expresa que non está de acordo en que ese persoal estea incluído, porque de estalo, se incurriría en situacíons de dobre pagamento.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por rematada a reunión ás 13.15 horas, do cal dou fe como Secretario.

Pola Universidade de Vigo

Polos sindicatos

O Secretario



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Anexo ao II Convenio Colectivo do Persoal Laboral de Administración e Servizos da Universidade de Vigo.

Ás 11.00 horas do día 14 de maio de 2008, na sala de xuntas nº2 do Edificio Xerencia/Servizos Centrais reúnense os integrantes da comisión paritaria do convenio de referencia:

En representación da Xerencia da Universidade de Vigo:

Vicexerenta de Persoal: Ana Comesaña Álvarez

Xefe do Servizo de PAS e Retribucións: José M. Fernández Viña

Xefa da Sección de Formación e Acción Social: Margarita González Hernández

Xefe do Servizo de Asesoría Xurídica: Antón Vidal Andián

En representación da parte social:

Federico Fernández Fernández (CIG)

Luís Pérez Gómez (CIG)

José María Pérez Landín (CSI-CSIF)

Manuel Marcos García (CCOO)

Marisa Magaz Ledo (CCOO)

José Andrés Zapirain Fernández (UGT)

Secretario de actas:

Rafael Ameneiro Bravo

Nesa reunión chegan aos seguintes Acordos:

1. Artigo 23.1 b):

Nos supostos de que o/a traballador/a solicite unha redución de xornada nos termos previstos nas Leis, percibirase o complemento completo sempre que se realice diariamente un mínimo dun 50% en horario ordinario de mañá e tarde.

De non ser así o complemento reducirase na mesma proporción que os días non realizados en xornada partida.

2. Artigo 23.2 c):

O persoal que preste os seus servizos en xornada irregular non axustada aos días e quendas habituais completando un termo medio de 35 horas semanais percibirán o complemento de xornada partida na súa totalidade.

3. Estes acordos entrarán en vigor a partir do primeiro día hábil do mes seguinte ao que foron adoptados.

Na reunión da Comisión Paritaria celebrada o 14 de maio de 2008 acordan a publicación interna dos Acordos como Anexo do Convenio, sen que sexa precisa a publicación no Diario Oficial de Galicia.

Vigo, 23 de maio de 2008.

Pola Universidade de Vigo

Pola parte social

O Secretario